ATENEA

56





Foto: Arquivo Ateneo

ATENEA

Revista trimestral do

ATENEO FERROLÁN

Nº 56

Xuño 2024

Edita

ATENEO FERROLÁN

Redacción e administración

Rúa Magdalena, 202-204

FERROL

981 35 79 70

www.ateneoferrolan.org

Coordinación

XABIER MONTERO DONGIL

FERNANDO RIVERA GARCÍA

Deseño e maquetación

FERNANDO RIVERA GARCÍA

ISSN

1575-9679

Depósito legal

C-1937-1999

CONTIDO

Xabier M. Dongil
Presidente do Ateneo Ferrolán

Benqueridas socias e socios

Tendes nas vosas mans un novo número da Revista Atenea, mediante a cal, intentamos facer chegar información de temas variados e próximos. Incorporando a novas e novos relatores, e facendo do Ateneo un espazo de encontro para a diversidade cultural.

Atopámonos ledos da nosa revista e, supoñemos, que vosoutros tamén. Queremos resaltar a bidireccionalidade da mesma e anímovos a que enviedes as vosas suxestións ou achegas para que podan enriquecer os vindeiros números. Esperámosvos.

Aínda que o Ateneo non é unha entidade allea aos temas que doen os homes e mulleres do noso tempo (situación social; a situación ambiental; a política, baseada no falseamento e no cinismo; a continua violación dos dereitos humanos; a censura gobernamental; a situación da xudicatura; etc.), mais quizais, nestes tempos revoltos, cobra máis sentido a cultura, un piar imprescindible para a recuperación social desta terra. Neste pequeno limiar, optei por contarvos algunhas das cousas que estamos a realizar:

Encomezarei, a modo de resumo, que, no Ateneo Ferrolán, estamos a realizar unha ducia de actividades por mes. Sempre no eido dos saberes tradicionais, da nosa lingua e das particularidades culturais da nosa bisbarra, a prol da relación entre os diversos territorios e facendo protagonistas aos espectadores en relación ao feito cultural. Pero consideramos que temos marxe de mellora.

- En setembro, retomamos a Escola de Teatro e recuperaremos o teatro como unha das nosas actividades cotiás. No formato que se estime (temático, afeccionado, profesional, ...)

- Estamos a artellar e avaliar un novo ‘roteiro’. Reivindicativo, como non podía ser doutro xeito, coa nosa historia.

- Case nunca falamos da nosa Biblioteca-hemeroteca. Como ben sabedes, o noso fondo está focalizado na temática local e galega. Pero quería subliñar o plan de dixitalización que está a realizar o Ateneo co fin de difundir, máis se cabe, o noso rico e valioso acervo documental atesourado. Parte dese material dixitalizado, pódese consultar a través do repositorio dixital (clica), que xa conta con máis de 30 mil visitas.

- Tamén temos convenios de colaboración coa universidades da Coruña e de León, para que alumnos e alumnas das mesmas poidan realizar as prácticas no Ateneo Ferrolán, este ano contamos con tres alumnas da Área de Biblioteconomía e Documentación da Universidade de A Coruña.

- A fío do anteriormente dito, consideramos importante que nunha cidade que alberga os únicos estudos de Documentación existentes en Galicia, sería imprescindible que existira un plan de desenvolvemento arquivístico e bibliotecario, artellado pola colaboración entre a Universidade, os Concellos da bisbarra e o tecido social, para liderar unha aposta polas institucións documentais, garantes de dereitos da cidadanía e depositarios dun legado de saberes e responsables de transmitilo ás xeracións futuras, somos, en moitos casos, un servizo de utilidade pública.

- Co fin de estimular a participación da nosa masa social e da cidadanía, estamos actualizando e modificando as nosas canles comunicativas para ter máis presenza, tanto nos medios tradicionais, como nas redes sociais: Web, Facebook, Instagram, X (twitter), Youtube, etc. Neste último, xá están as gravacións das xornadas sobre o Teatro Estudio de Ferrol (clica), celebradas no Ateneo Ferrolán do 9 ao 13 de abril.

Agora toca vacacionar algo, recargarse de enerxia, según gustos e recursos, para voltar en setembro con novos folgos e dispostos a "comernos o mundo".

Ánimo a todas e todos

TEATRO ESTUDIO DE FERROL

Francisco Oti Ríos



En Santiago de Compostela. Actrices do grupo con Francisco Rodríguez e José Torregrosa (fotógrafo: descoñecido)

Na medida en que se ía conformando a miña última publicación Alicerces teatrais en Galiza; unha achega de fontes, fundamentos e feitos (1952-1975) que tiven ocasión de presentar ao público no Ateneo Ferrolán, tamén foi espertando en min certa curiosidade por algúns dos procesos teatrais que ían xurdindo no estudo dos datos. Entre eles comecei a sentir curiosidade por un grupo que residiu en Ferrol nos anos sesenta: O Teatro Estudio de Ferrol.

Xa tivera nos meus tempos de actor afeccionado algún coñecemento da existencia do grupo ao través de actrices como Elina Luaces que se achegou ao Teatro Círculo de Perlío trala desaparición do Teatro Estudio no que entrara como actriz na súa etapa final; así como outros comentarios que recreaban certas lendas sobre diversas cuestións do grupo que proviñan das xentes de Ferrol que se achegaban a teatro a Fene.

Mais non foi ata a escrita de Alicerces, que me decatei da importancia, do labor teatral e do que o grupo significou para o teatro e que concluíu na escrita dun libro que volveremos a presentar no Ateneo no mes de abril e que recolle a traxectoria, o repertorio e as xentes que pasaron por tan significado grupo, e que sitúan ao Ferrol dos anos sesenta nun lugar privilexiado da creación teatral con resultados excelentes.

Nese preámbulo optei por pescudar toda

a información posible sobre o grupo e aí decateime da escasa información existente sobre el. Se ben algúns artigos do prolífico escritor, seareiro e membro do grupo, José Torregrosa axudaron moito nese empeño; moita da información tiven que rastrexala noutras fontes abrindo liñas de investigación ao través das persoas que ían saltando á luz desde a escuridade das ausencias, desde as entrevistas nos xornais e das carpetas agochadas na biblioteca do Instituto Concepción Arenal, desde as memorias de Vicente Araguas e Viky Taibo ou José Torregrosa ao baúl dos recordos de Eduardo Alonso, e Luma Gómez.

A constitución do grupo foi devagar, paseniño, con boa letra. Primeiro con lecturas escénicas, logo pouco a pouco con ensaios e estreas; hoxe no paraninfo, mañá no Jofre. Un ano dous espectáculos, outro cinco ou seis ata acadar un xeito de producir ao mellor estilo das compañías profesionais.

Ao seu redor máis dun cento de persoas: actrices, actores, directores, escenógrafos... e entre todos un núcleo, entre outras moitas, de mulleres incondicionais: Loló Pérez Linos, Laura Pérez Landeira, Viky Taibo, María del Carmen Bernal, Necha Díaz, Clara Santos, Isabel Grandal Nores ou Lola Sandino; que veñen a demostrar a presenza da muller nos escenarios galegos; mulleres imprescindibles xa na historia do teatro ferrolán. Tamén actores: Juan Antonio Blanco, Jenaro Areal, Javier Fuentes, Joaquín Lens, Jaime Cagiao, Juan Daniel Araoz, Carlos Dapena, Antonio Aneiros, Juan Casanova ou os irmáns Vivanco, entre outros moitos, a nómina chega a máis dun cento.



En Madrid con varios amigos. Alfredo Osset (2º pola esq), Carlos Dapena e Loló Linos (1º e 2ª pola der.). Fotógrafo descoñecido

E levando a batuta do grupo un líder indiscutible: Alfredo Osset Casteleiro. Na súa polifacética e extensa vida teatral, Alfredo fixo de todo; mais se temos que destacar unha función na súa liña de vida, é a de director de escena. Comeza a dirixir moi novo cando, segundo el mesmo conta, unha persoa, a quen el chama "Julita a da estación", lle propón que exerza de director de escena, e desde ese momento Alfredo non deixou de dirixir, de ser axudante de dirección ou mesmamente actuar nos escenarios nos que puido ver representados máis de trinta espectáculos creados por el. A súa vida teatral consta de dúas etapas diferenciadas a primeira en Ferrol co Teatro Estudio e a segunda, en Madrid, fundamentalmente no Teatro Español e no Colectivo Alforjas. Alfredo se incorpora ao Teatro Estudio a principio dos sesenta, cando o docente ferrolán destinado en Francia. Juan Antonio Blanco exercía de director do grupo, para coller con tento as bridas e canalizar por bo camiño a singradura do grupo durante toda unha década.


Desde o seu inicio ata o último espectáculo, o Teatro Estudio sustentouse: primeiro no grupo de incondicionais, despois no Instituto que lle fornecía cobertura legal a través da Asociación de Ex-alumnos e tamén técnica ao usar o paraninfo como local de reunión, ensaios e estreas, ademais de ter a biblioteca do centro ao seu dispor. Estas circunstancias, e a escolla dun repertorio canónico, sitúan o grupo na vangarda da produción teatral do momento; encaixando a súa estrutura e forma de producir no que por entón se denominaba (en Francia) Centro Dramático Local, nova denominación teatral dos grupos franceses, coa que se puña en marcha, en Francia, a idea da descentralización teatral que fora definida por Jeanne Laurent, cuxa época de gloria chega coa creación do Ministerio de Asuntos Culturales con A. Malraux á fronte; o que permite a creación de espazos, compañías residentes e centros dramáticos locais. Toda unha revolución cultural que chegou a Ferrol da man de Juan Antonio Blanco e que se pretendeu copiar en España coa chegada dos socialistas á Moncloa. Toda unha innovación.

Eduardo Santalla e Juan Antonio Blanco (fot. descoñecido)



Velaí os vimbios dunha institución teatral exemplar, un director de escena excelente e con capacidade de líder: Alfredo Osset; un director do Instituto masculino amante do teatro: Victorino López; unha asesora literaria coñecedora e capaz: Loló Pérez Linos; unha primeira actriz con voz prodixiosa: Laura Pérez Landeira e un núcleo duro de actrices e actores; entre os que algúns acadan a profesionalidade como interpretes, como Carlos Dapena ("Carlos Toren"); Fernando Vivanco ou José Luis Peñamaría, persoas que colaboraron na década de vida do grupo que superan o cento. Unha proeza para recordar.

En canto ao repertorio salientar a súa excelencia e variedade de autores e de xénero: Anouilh, Greene, Fabri, Chejov, West, Casona, T. Williams, O'Neil, Camus, Albee, Millán, Synge, Valle-Inclán, Arrabal, Brecht, Ionesco, García Lorca, Osborne, T. Wilder e Esquilo; que ditos así caben en dúas liñas pero que postos en escena conforman unha excelente escolla que fala por si mesma. A literatura de vangarda en Ferrol posta en escena por unha compañía innovadora desde a afección. Un grupo teatral que soubo valorar e aproveitar a realidade na que viviu; aliado e residente no espazo do saber. Un grupo que demostra a capacidade da sociedade ferrolá para facer "canteira teatral" e que, dalgún xeito, chega ata hoxe. Aquí, agora e sempre, de Ferrol para o mundo: Teatro.



Alfredo Osset e Vicente Araguas en Madrid (foto: Diario de Ferrol, 2004/03/14)

TEATRO ESTUDIO DE FERROL: A Residencia Teatral nos anos sesenta

FRANCISO
OTI
RÍOS

Secretario da Academia Galega de Teatro

SER BOTÍN É MÁIS COMÚN QUE SER "LA BOTÍN"




















Fotografías: Museo Berlín-Karlshorst, Museo Arbejdermuseet, Europeana, Internet Archive

Unha das «vitorias» da esquerda en España é a Lei de Memoria Histórica onde se tenta resarcir ás vítimas da Guerra Civil e ás súas familias. Entre outras cousas favorecendo a recuperación de corpos das cunetas. Por suposto, totalmente de acordo.

Pero e que hai de resarcir a violencia sexual do conflito? Que hai desas mulleres republicanas, nacionais ou simples civís abusadas? Das prostituídas polos exércitos? Xa. Botemos un tupido velo porque os nosos avós non facían esas animaladas. Os nosos non.

E ademais, a violencia sexual non é para tanto e menos en conflito bélico onde a muller debe asumir aínda máis o seu papel de obxecto, nesta ocasión trofeo, beneficio do vencedor, consolo do guerreiro ou medio de humillación para a súa comunidade ou mesmo forma de tortura para delatar.

É un fenómeno global e antigo, tanto como a primeira disputa territorial, xa explicado por Jenofonte, «Tras a derrota dunha cidade a catividade da muller é un dos beneficios do vencedor».

Para pasmo de todas máis que de todos, a comunidade internacional non parece ser

consciente de que quizá non sexa algo tan inocuo e o mesmo moléstanos un pouco e non é ata o ano 2000 que o Consello de Seguridade de Nacións Unidas na resolución 1325 comenta algo. Pero así como «unha cosilla que notamos».

«Recoñece que a guerra afecta de maneira diferente ás mulleres e defende a necesidade de aumentar o seu papel na toma de decisións respecto a a prevención e resolución de conflitos».

E é que Josemanué, de cada 10 procesos de paz, 7 non inclúen mediadoras. Dos acordos de paz alcanzados de 2018 a 2020 non aparece ningún ítem sobre violencia sexual.

No mundo só o 25,50 % dos parlamentarios son mulleres e nos países en conflito un 18,9 % (Logo que o feminismo non fai nada).

Nas «operacións de mantemento da paz» (entrecomillo porque todos sabemos xa que é unha forma de imperialismo non?) de 1957 a 1989 houbo 20 mulleres uniformadas. En 2017 sobe a 4.275 mulleres fronte a 88.407 homes. Seguimos sendo esmagadora minoría.

Medidas de paridade gobernamental e de negociación en procesos de paz axudarían a loitar contra iso? Non vos respondo eu faio a ONU. «As mulleres e os homes experimentan os conflitos de maneira diferente e, por tanto, tamén entenden a paz de forma diferente»

Hoxe día este punto é especialmente sensible porque os conflitos desprazan a millóns de persoas que acaban malvivindo en campos de refuxiados onde non acaba a violencia, ás veces a mans das propias forzas de pacificación ou de ONG. Ou as nenas e mulleres perdidas acaban en redes de prostitución en ocasións só por comida.

É de xustiza sinalar que aparecen novas vítimas tamén, as activistas de ONG e clero e as xornalistas en zona de guerra.

En 2008, o Consello de Seguridade, na resolución 1820, por fin tipifica a violación como «táctica de guerra destinada a humillar, dominar, aterrorizar, dispersar ou re-asentar pola forza a membros civís dunha comunidade ou grupo étnico».

E, por primeira vez (Eureka!) recoñece a violación e outras formas de violencia sexual como «crime de guerra, un crime de lesa humanidade ou un acto constitutivo con respecto ao xenocidio». Custou amigas, polo que sexa íano procrastinando. Sería Mercurio retrógrado.

É rechamante que ao longo da Historia e mesmo cando se supoñía íase avanzando en respecto aos Dereitos Humanos non se considerou a violencia sexual un crime de lesa Humanidade.

Mesmo tras fitos tan celebrados como os xuízos de Núremberg, o tribunal de crimes de Tokio ou moito máis próximo, o Tribunal Penal Internacional de Iugoslavia. Ou que igual que en España silénciase a violencia sexual da Guerra Civil, no caso da II Guerra Mundial ocúltese a de aliados e soviéticos contra mulleres alemás (800.000 violacións, 8.600 embarazos).

E é que a violencia sexual contra a muller en conflito bélico é parte do terrorismo machista cotián no que vivimos. E visto como un dereito do vencedor sobre a masculinidade do vencido. As vidas das mulleres son danos colaterais.

Se o patriarcado baséase no control sexual e reprodutivo da muller, a violación supón unha perda dese control, amplificado o seu dano por un posible embarazo, aumenta a humillación á virilidade do vencido e é unha posible substitución étnica.

(Pero oia que o sexo non inflúe, é unha cuestión de performance. Como se performa un embarazo é un misterio para outro artigo).

Con todo, como a banca machista sempre gana, vencedores e vencidos poden aproveitar a desprotección das mulleres e nenas en contexto de guerra e así hai cousas tan de «coidados» como as «Mulleres consolo» do exército xaponés ou o ofrecer comida por sexo como en casos investigados de Cascos Azuis.

Por suposto, se alía a esta normalización a vergoña das propias comunidades que choran aos seus mortos, pero estigmatizan ás mulleres vítimas de abuso.

Somos responsables de salvagardar unha suposta honra e mesmo sobrevivir pode ser mal visto. O seu sería morrer para poder ser unha vítima digna e unha mártir mesmo.

Que sabemos dos fillos de embarazos forzados na Guerra Civil? Cando imos resarcir ese dano a esas mulleres? Para cando unha pa para esa cuneta?

Como xa comentei hoxe día á brutalidade de exércitos e milicianos, hai que unir novos actores.

Os activistas de ONG e encargados de campos de refuxiados. Entidades que no primeiro mundo, cómodos en casa viamos como heroes e aos que nalgunha ocasión doariamos algo ou sido socios e socias. Médicos sen fronteiras, ACNUR, Oxfam, Save the Children contan con casos investigados. Quen vixía ao vixiante? .

No caso de Cascos Azuis denunciados por violencia sexual, a mesma ONU declárase incompetente (sorpresa cero), xa que só pode enviar ao denunciado ao seu país e esperar a boa vontade deste para xulgar e condenar. De momento só sucedeu en Italia pola misión en Somalia.

Con todo, recoñécense denuncias en Angola, Mozambique, Somalia, Ruanda, Bosnia, Croacia, Cambodia, Haití, Sudán, Costa do Marfil, Serra Leona, Kósovo e Congo (Datos de 1996 a 2007). Se unha busca atopa cifras moi superiores ás vítimas por Covid, con todo non abren telexornais.

E por que un feito non sae nas noticias? Porque non interesa, porque é algo habitual e que se ve inevitable, tan normal como a choiva no outono. Como un fenómeno natural sobre o que non temos responsabilidade nin maneira de cambiar. Con todo, que neva e vai frío en xaneiro si sae e ata nos aburre ver reporteiros un ano tras outro abrigados no Cebreiro.

Pois somos menos importantes que iso.

Ante o conflito en Ucraína enchéronse as redes de memes sobre adoptar mozas louras impoñentes coma se fosen animais perdidos. Enviábanse por WhatsApp en grupos familiares mesmo. Mentres desaparecían menores ucraínas e os foros de puteros analizaban como influiría na oferta e demanda. En conflito bélico e en vida civil viola o teu veciño o do 5°, o teu amigo do cole ou o teu curmán. Calquera, en calquera tempo, lugar e de calquera etnia ou relixión. E as vítimas teñen todas un común denominador, ser muller.

Por iso, a única visión feminista posible é a de esquecer delimitacións xeográficas, de cor, etnia, clase ou relixión e condenar calquera ataque ou violencia machista contra outra muller ou nena/o.

Porque todas en vida civil vivímola e porque todas podemos estar un día conducindo o noso coche cara á universidade ou o traballo, co móbil na guantera e a noiva enviando audios e ao outro sufrir un ataque talibán e pasar a estar encerradas, violadas ou vendidas.

Diso non nos salva ningunha coordenada, nin ningún deus, relixioso ou capitalista. Por suposto, nunca foi outra a perspectiva feminista.

«Non serei unha muller libre mentres siga habendo mulleres sometidas»

Audre Lorde.


Artigo orixinal en:
https://elcomun.es/2023/11/18/ser-botin-es-mas-comun-que-ser-la-botin-i/?amp

Ser botín é máis común que ser "La Botín"

SONIA
MAURIZ
PEREIRA

Licenciada en Humanidades

OS LAVADOIROS E FONTES DE CERVÁS E CHANTEIRO, un paseo pola lenda e a historia



Pode ser motivo de sorpresa para moitos a cantidade de lavadoiros e fontes que temos na Parroquia de San Pedro de Cervás, un patrimonio histórico etnográfico que comprende sobre dezanove lavadoiros e fontes.
(Lavadoiro de Bordocedo, o dá Torre, Mariocos, Guille, Río Cal, Pedrachá, San Xurxo, o da Ermida da Mercé etc...)
Un pequeno pobo pero moita actividade e como en todos os lugares de Galiza moita dependencia da auga que antes non era corrente.

O amor que teño á natureza, á miña curiosidade polos carreiros, casas en ruínas, lavadoiros, fontes, muíños etc... e ás historias que nos contan os maiores foi o que me levou a crear roteiros que deran a coñecer, por en valor e descubrir tanto a xente do lugar como visitantes unha parte do patrimonio etnográfico non só material tamén do invisible, do que nos fala das xentes humildes e a súa vida cotiá.

Para acceder a estes lavadoiros os homes do pobo cortaban a maleza, por carreiros estreitos , húmidos, ás veces con baixadas ou subidas ben complicadas onde as mulleres coas súas tinas cheas de roupa sucia na testa e o cubo co xabón de eslamiada feito a man en casa e un cepillo, facían ás veces malabarismos para non caer cando estaba esvaradío pola choiva.


Situábanse onde había sitio (se non había que esperar cola) e primeiro lavaban a roupa branca para poñela a clarexar, que viña sendo tendela na herba ao sol antes de enxugar para que non amarelase.

Despois a roupa de cor para por último pasarlles auga limpa e torcer a roupa para non cargar con exceso de peso. A roupa máis sucia era posta no caño de saída para non manchar o demais.

Esas mulleres pasaban este traballo en xornadas de catro horas ás veces dúas veces ao día.

Levaban algo de pan e o que había por casa para comer. Ao finalizar a súa tarefa volvían cargadas con roupa limpa e moitas veces axudadas polas crianzas, para tender e seguir cos quefaceres da casa e do campo.

Zona de faladoiro, murmuracións, intercambio de novas e cantigas galegas. Axudábanse unhas a outras a torcer a roupa e era unha maneira de sentirse un pouco libres. Para moitas o tempo de lavar ou de ir a misa eran os únicos intres de socialización ou fóra da casa.



Plano e roteiro da zona de Cervás e Chanteiro

No século XX un dos lavadoiros máis grandes de Cervás era o de Bordocedo, cun tellado a dúas augas e máis de dez piares con materiais do país e edificación sinxela onde lavaban sobre vinte mulleres.

Nun mundo tan feminino a presenza dun home era inconcibible por iso aínda que dúas ou tres mulleres lavaban a roupa dos artilleiros de Montefaro, ás veces chegaba algún soldado que tiña que lavar a súa roupa pero non tiña xabón e algunha muller dáballe un anaco e eles con moita vergoña poñíanse nunha esquina.

A contorna é moi bela con árbores autóctonas que deixan pasar a luz e o son da auga faite sentir tan en paz que veñen ao maxín as lendas sobre o efecto da auga da fonte. Na Galiza a auga é unha riqueza e por mor diso moitas fontes están asociadas á curación.

Eu non o sei da súa veracidade, pero si sei que un dos últimos desexos da miña bisavoa, con noventa e seis anos, foi que fóra á fonte de Bordocedo a buscarlle auga para acougala......

E habelas, hainas.









Outro lavadoiro abraiantemente belo é o Lavadoiro da Torre, con tellado a dúas augas e oito piares.

No século XVII só había un manancial e unha charca onde abeberaban os cabalos dos Condes de Andrade xa que Cervás era o seu coto de caza. Nese mesmo século construíuse a fonte e o lavadoiro que actualmente esta restaurado cun tellado e muro novos.

Podería seguir nomeando a moitos e falando de tantas historias e lugares belos onde están situados pero prefiro convidar a visitalos en persoa e percorrer as corredoiras sen presa e desfrutando da paisaxe.

É a nosa historia, o día a día das nosas bisavoas, avoas e este patrimonio non se debe perder. Goza destes roteiros que che farán descubrir a cultura e forma de vida do noso pobo ao longo da historia.

Camiñarás por carreiros rodeados de árbores, paisaxes que che namorarán, atopáraste con pequenos ríos e de súpeto verás ese lavadoiro e fonte que andabas procurando, desfruta dese momento e pode ser que escoites algunha voz feminina cantando cantigas populares ou pode ser que sexa o vento rumoreando nas árbores.

¡Só ti saberás o que escoitaches!







OS LAVADOIROS E FONTES DE CERVÁS E CHANTEIRO, UN PASEO POLA LENDA E A HISTORIA

MERCHI MARGARETO NOYA

Historiadora local



FERROL ILUSTRADO


A ilustración é a liberación do home da súa culpable incapacidade. A incapacidade significa a imposibilidade de servirse da súa intelixencia sen a guía doutro. Esta incapacidade é culpable porque a súa causa non reside na falta de intelixencia senón de decisión e valor para servirse por sí mesmo dela sen a tutela doutro. ¡Sapere aude! ¡Ten o valor de servirte da túa propia razón!: velaquí o lema da ilustración.

– Qué é a Ilustración? Immanuel Kant

Foto: Fernando Rivera

Que é a Ilustración?

Definir a idea da Ilustración non é fácil, o xornal alemán Berlinische Monatschrift tentou responder a esta cuestión nalgunhas ocasións. A intervención máis famosa respecto diso é a presentada en novembro de 1784 por I. Kant no seu texto Was ist Aufklärung? (Que é a Ilustración?), onde alude á razón do espertar ilustrado coa idea de que a sociedade pasa por un proceso liberador da súa condición de menor de idade (entendido devandito estado como uno que nos fai aceptar a guía marcada pola autoridade), da que só se pode escapar a través dun cambio que cada un debe operar desde a súa persoa. Con todo, uns meses antes, M. Mendelssohn xa abre este debate conceptual establecendo a finalidade do ser humano (Bestimmung) como o perfeccionamento permanente das tarefas relativas ás capacidades intelectuais, morais e estéticas que nos animan a reflexionar sobre todos os asuntos relativos á vida humana. Isto é importante á hora de falar da cidade ilustrada, xa que ese "espertar" e esa "reflexión conceptual" da que falamos escápase dos libros de filosofía e a reflexión teórica para materializarse e incluír ese razoamento no resto dos ámbitos que nos afectan diariamente, como, por exemplo, o urbanismo.


Berlinische Monatsschrift.

Herausgegeben von F. Gedike und J. E. Biester.

Vierter Band. Julius bis December 1784.

Berlin, 1784. Bei Haude und Spener.

Berlin ZLB, in: o XIV 16975-4.1784


Que é unha cidade Ilustrada?

Aparece así unha nova maneira de concibir a cidade, cun obxectivo máis real e concreto, introducíndose nun territorio e adaptándose ás súas potencialidades (o caso de Ferrol é un claro exemplo representativo deste feito), dándolle máis importancia ao número de habitantes e as súas funcións dentro dela. Os poderes públicos encárganse así de reformar estas cidades para facelas máis cómodas, saudables, e ordenadas.

Ferrol, cidade ilustrada


Ferrol o é grazas á súa ría, ao seu mar. O seu privilexiado emprazamento fai que a monarquía borbónica fíxese neste lugar para crear unha cidade de fundación

militar, do estilo de Barcelona ou Salamanca. Con todo, a historia urbanística de Ferrol empeza moito antes que a monarquía borbónica, a súa orixe está en Mileto, onde Hipódamo, considerado o primeiro arquitecto grego en concibir unha formulación urbana, desenvolve un estilo urbanístico coa característica principal do plano en retícula, o cal serve de inspiración para todo tipo de emprazamentos cun obxectivo militar. O nacemento urbano de Ferrol chega no século XVIII, tras a guerra de Sucesión e a firma do Tratado de Utrecht a forza naval española era



bastante precaria, con todo, a posesión de colonias ultramarinas e a tensión dos países europeos obriga ao continuado desenvolvemento da forza e política naval. Ferrol é en 1726 declarado capital do Departamento marítimo norte, e a súa construción empeza baixo o reinado de Fernando VI, e a supervisión do Marqués da Enseada, os cales sintan os cimentos da construción do arsenal e os estaleiros. Así, Ferrol responde a unha expansión por etapas; o primeira referente a Ferrol Vello, un pequeno núcleo medieval predecesor da cidade ilustrada, en contacto directo coa ría dada a súa condición relativa á pesca.

A súa segunda etapa é o desenvolvemento do núcleo poboacional de Esteiro, lindeiro ao Arsenal e os Estaleiros, localízase no extremo oposto a Ferrol Vello. Unha vez terminada a construción de Esteiro en 1751, trasládanse todas as instalacións administrativas e militares do departamento desde A Graña, lugar onde se procedeu á construción dun pequeno Arsenal, que non puido desenvolverse dada a topografía montañosa do terreo que fai imposible a construción dunha cidade contigua capaz de soster o crecemento de poboación, polo que se traslada a idea orixinal do Arsenal Militar a Ferrol. Os planos orixinais son elaborados por enxeñeiros militares, tales como José Petit da Croix, de orixe francesa, que elabora o plano orixinal do Arsenal Militar e o barrio da Madalena xunto ao seu xefe de Escuadra Cosme Álvarez dos Ríos.



Outro enxeñeiro destacado é Francisco Llobet, que xunto a outros importantes enxeñeiros como Jorge Juan, que tamén participa no proxecto de De a Croix e Julián Sánchez Bort, actualizan o proxecto de amurallamiento, encerrando á poboación mediante a construción de baterías e baluartes. Ferrol queda dividido, con dous núcleos urbanos nos extremos oriental e occidental do terreo deixando no medio un amplo espazo onde se construirá o emblemático barrio da Madalena. Así, Ferrol comeza a súa terceira etapa construtiva.

Foi Carlos III en 1761 quen manda a súa construción baixo a petición do conde de Vega Florida, que solicita erixir un edificio de Comandancia Xeral, o actual Palacio de Capitanía, levantado na zona alta de Ferrol Vello. Fronte á construción deste impoñente edificio, o conde de Vega Florida fai fronte á necesidade de albergar á nova poboación. O proxecto foi designado a Jorge Juan e Santacilia, que foi quen deseño e construíu, xunto aos miles de presos traídos de toda España e albergados na prisión de San Campio, o que serían os cimentos dunha cidade que máis tarde sería adornada e embelecida por numerosos arquitectos ilustrados.

Roteiro Ilustrado

A mellor forma de coñecer ese Ferrol Ilustrado é a través da súa natureza arquitectónica, tan rica. A expansión urbana de Ferrol afecta tamén a antigas construcións como o antigo mosteiro franciscano situado na zona alta de Ferrol Vello, fundada no século XIV por Fernán Pérez de Andrade, que foi renovado e cuxa planta alberga actualmente a nova igrexa de San Francisco.



Unha característica propia deste edificio é a falta de dúas torres campanario que a coroen, que non puideron construírse por prohibición expresa da Armada para evitar que afectasen a un observatorio astronómico nunca construído. Este Observatorio formaría parte do proxecto dun cuartel de guardiamarinas dirixido por Francisco Sabatini, que ía situarse no que hoxe é o parque Reina Sofía. Outra das edificacións relixiosas máis emblemáticas de Ferrol é a igrexa da nosa Señora dos Dolores, deseñada o arquitecto Antonio de Bada e Navallas baixo o mandato técnico de Pedro Ignacio de Lizardi. O máis importante desta igrexa albérgase no seu interior, e é a imaxe da Virxe dos Dolores, que procede da antiga Igrexa de San Julián demolida como consecuencia da construción do Arsenal. Así, eríxelle unha nova construción dedicada a San Julián, e tamén deseñada por Bada e Navallas, esta vez xunto a Sánchez Bort. Hoxe en día este edificio alcanza a categoría de concatedral tras unha bula papal ditada por Xoán XXIII.





A última edificación relixiosa ilustrada de Ferrol é a Capela das Angustias, situada no barrio de Esteiro.

Á beira de la Iglesia temos a obra pública máis antiga da cidade, a fonte de San Roque, deseñada por Dionisio Sánchez Aguilera. E é que a construción civil non foi menor en Ferrol, os primeiros edificios construídos na cidade son exemplos de arquitectura ilustrada ferrolá que hoxe constitúen un alto no camiño necesario neste roteiro ilustrado. Os máis importantes sitúanse na rúa Magdalena 234, 171, 125,111, e rúa Real 199, e, como non, o actual Ateneo Ferrolán, fundado en 1879, une dous edificios construídos en 1762 como residencia de oficiais. As características principais destes edificios son comúns; muros de cachotería enlucida, perpiaños de granito, balcóns voados e gran simetría nas súas fachadas.



Capela das Angustias.

Ateneo Ferrolán.



Fonte de San Roque



Como comentamos anteriormente, un dos obxectivos principais das cidades ilustradas era mellorar a saúde pública. Así, Dionisio Sánchez Aguilera, deseñou e financiou, a través da Congregación do Santo Hospital de Caridad (fundada por el mesmo) un edificio de 1779 situado no perímetro amurallado do barrio da Madalena. O hospital que estivo en funcionamento desde 1786 ata 1974, cando foi trasladado, e hoxe alberga o Centro Torrente Ballester, un espazo cultural de xestión municipal.





Aínda que non pertencentes ao barrio da Magdalena, é pertinente resaltar tres construcións ilustradas imprescindibles para culminar este roteiro; a primeira, o Cuartel da nosa Señora dos Dolores. Asinado por De a Croix, é considerado o primeiro edificio levantado en Ferrol e utilizado para albergar aos batallóns de infantería de mariña, función que segue cumprindo actualmente. A segunda, a Porta do Estaleiro, utilizada para acceder aos Reais Estaleiros en 1749. A última, a Casa do Patín, primeira edificación de carácter obreiro en Galicia. Pensado como residencia para o persoal do Estaleiro, actualmente alberga a biblioteca do Campus de Esteiro.





Como vemos, Ferrol é tipicamente unha cidade ilustrada, pero non podemos acabar sen mencionar brevemente que é moito máis que iso, tamén é unha cidade modernista. O racionalismo clásico ilustrado acolleu calurosamente as construcións modernistas, e fusionou ambos os conceptos e creando un espazo de convivencia temporal integrado. Aínda que algúns arquitectos da talla de Julio Galán Carvajal interviñeron neste proxecto modernista, Ferrol é, sen dúbida, un lenzo en branco para Rodolfo Ucha, que entre 1900 e 1925, levantou máis de trinta edificios.

Patrimonio UNESCO

Esta natureza ilustrada deulle a Ferrol a posibilidade de formar parte da Lista Indicativa da UNESCO a Patrimonio Mundial desde 2007, aínda que por agora só trátase dunha candidatura. Esta candidatura sostense grazas os xa declarados BIC (Bens de Interese Cultural), tales como o Barrio da Magdalena, os castelos de San Felipe e A nosa Señora da Palma, o Arsenal Militar, e as Baterías de San Cristóbal, San Carlos e As Viñas.

Para promover esta candidatura, todos os anos celébrase o Festival Ilustrado de Ferrol, onde os negocios e os habitantes ferroláns poñen en valor este aspecto da cidade creando actividades e iniciativas que dan a coñecer este trazo tan característico da cidade.

Para máis información

Clemente Cubillas, E. (11 de noviembre de 2011). Ferrol, ayer y hoy. De la urbanización del siglo XVIII a la actual ciudad del XXI. Ciclo de Conferencias Curso 2011-2012.

Foucault, M. (1995) ¿Qué es la Ilustración? Revista colombiana de psicología. 13-19pp.

J. Fernández Cortizo, C., Migués Rodríguez, V., Presedo Garazo, A. (2009). El mundo urbano en el siglo de la Ilustración. O mundo urbán no século da Ilustración. Xunta de Galicia.

Ríos Flores, P. (2024). Moses Mendelssohn y la prudencia como sabiduría inescindible de la ilustración. Revista latinoamericana de filosofía, 67-92pp.

Todorov, T. (2022) El espíritu de la Ilustración. Galaxia Gutenberg.

Vigo Trasancos, A. El despotismo ilustrado, la idea de orden y la real villa de Ferrol: La construcción del barrio de la Magdalena (1751-1811). En B. (Ed.), Memoria, textos e imágenes. La recuperación del patrimonio perdido para la sociedad de Galicia (9-29pp.). RETOS.

Ferrol ilustrado

MARÍA MONSERRAT BARRIO

Graduada en Humanidades

FERROL

Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

